

Cinco autores propoñen unha nova mirada sobre Santiago de Compostela

Un filósofo, Antón Baamonde; un economista, Fernando Barros; dous arquitectos –Xerardo Estévez e Alfonso Salgado– e un filólogo, Xosé Manuel Villanueva, presentan en **COMPOSTELA COMO DESEXO** (Alvarellos Editora) o que definen como “un documento de reflexión e de ilusión” para compartir coa cidadanía, conscientes de que a capital de Galicia afronta unha década crucial.



Páxinas: 120. Formato: 12 x 19 cms. ISBN 978-84-18567-35-3
Impreso offset en Papel Amigo dos bosques.
Cosido con fío vexetal. PVP: 14,50 €


SANTIAGO DE COMPOSTELA, DECEMBRO DE 2022.- *Compostela como desexo* (Alvarellos Editora) é o título dun libro moi singular. Un ensaio divulgativo onde cinco autores, todos eles cunha longa traxectoria profesional e personal desenvolvida na capital de Galicia, propoñen unha nova mirada sobre a cidade. Un filósofo, Antón Baamonde; un economista, Fernando Barros; dous arquitectos –Xerardo Estévez e Alfonso Salgado– e un filólogo, Xosé Manuel Villanueva, presentan nestas páxinas o que definen como “un documento de reflexión e ilusións, para compartir coa cidadanía, conscientes de que a capital de Galicia afronta unha década crucial”.

A obra, publicada por Alvarellos Editora na súa colección Oeste, aborda, en catro breves capítulos, a historia, a economía, o territorio,

o urbanismo e a cultura de Compostela. E propón, para cada un deles, ideas para construír e compartir entre todos un desexo común.

Os autores afirman que “este libro nace da constatación dunha insatisfacción á que non debemos resignarnos. É preciso volver a ilusionarse coa cidade e aproveitar todo o seu potencial para converterse nunha Compostela creativa, intelixente, plural, bohemia, respectuosa, creadora de alto valor engadido e repartidora de riqueza. Un Santiago de benestar e igualdade, amable, verde e acolledor”.

“Compostela debe elaborar un pensamento propio. O desexo que formulamos é que esta cidade non sexa só ‘punto de chegada’ de milleiros de persoas, senón tamén ‘punto de partida’ para un futuro posible e engaiolante”.



OS AUTORES

Antón Baamonde (Vilalba, 1959). Filósofo e ensaísta. Autor, entre outras obras, de *A rosa sen porqué* (1997), *Aire para respirar* (2002) ou *Unha nova Olanda. De Ferrol ao Porto: as cidades galegas e o norte de Portugal no escenario global* (2021).



Fernando Barros (Neda, 1960). Economista. Foi secretario da Cámara de Comercio de Santiago. É profesor de Economía Financieira e Contabilidade na Universidade de Santiago de Compostela e ecónomo do Arcebispo.



Xerardo Estévez (Santiago, 1948). Arquitecto. En 1983 foi elixido alcalde de Santiago de Compostela. En 1998 deixou a política para dedicarse de novo aos temas da cidade, o territorio e o patrimonio como arquitecto, escritor e conferenciante.



Alfonso Salgado (Santiago, 1966). Arquitecto. Xunto a Francisco Liñares dirixe o estudo "Salgado e Liñares". A súa obra foi recoñecida ata en 7 ocasións polo Colexio de Arquitectos. En 2020 recibiu o Premio de Arquitectura Española do Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España.



Xosé Manuel Villanueva (Lugo, 1959). Filólogo e novelista, autor de *Adeus India*, *Adeus*, Premio á creación literaria da Fundación Premios da Crítica de Galicia en 2001; *Cuarteto con Piano* (2003); *Legado para el Olvido* (2016) e *San Jorge, el dragón y la princesa* (2017). Foi tenente de alcalde de Santiago, e xerente da USC e do Consorcio de Santiago.



Para contactar con autores:

Antón Baamonde: baam@mondo-r.com; **Xosé Manuel Villanueva:** xosemanuelvillanueva@mondo-r.com;

Alfonso Salgado: asalgado@coag.es

